

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE VERÍN PARA A CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, D. _____, alcalde do concello de Verín, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra, D. _____, con NIF _____, en nome e representación de **ABANCA** Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de _____, na súa calidade de Director de Banca Institucional, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. _____, o día 4 de xaneiro de 2010.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Verín, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Entroido.

A celebración do Entroido en Verín foi paralelo ás circunstancias históricas e políticas do país ao longo do tempo. É esta unha festa na que os distintos ritos e cerimoniais mesturan o relixioso e o pagán.

Os “cigarróns” son os protagonistas do Entroido. Fan a súa aparición na vila o Domingo Corredoiro, o anterior ao Domingo de Entroido tras as misas da mañá, saudando aos fregueses e enchendo o ambiente de maxia e excitación coas súas danzas e o son enxordecedor das súas chocas, camiñan sempre brincando e meneando as chocas, sacudindo o látego a que quen se cruza no seu camiño.

A lenda describe ao Cigarrón coma un cobrador de impostos e como levantador da caza dos Condes de Monterrei, señores dos vales de Verín no antigo réxime. A súa orixe real segue a ser unha incógnita indescifrable para aqueles investigadores que pretenden desvelar o seu pasado.

Segundo.- O Entroido de Verín converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da Comunidade Autónoma de Galicia, acadando o recoñecemento de declaración de Festa de Interese Turístico Nacional no ano 2000.

Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística, sendo o concello de Verín entidade organizadora. Este concello, ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo e posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade

Deste xeito, non resulta posible promover a concorrència debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente, dado que é a única que organiza o Entroido de Verín.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Cuarto.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Quinto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Cuarto.- Que no BOE núm. 139 do 11 de xuño de 2012 publicouse a Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do 22 de maio de 2012 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, pola que se publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona da súas zonas rurais.

Na cláusula cuarta establécense os compromisos da comunidade autónoma regulando no apartado quinto as obrigas desta no caso de subscripción de convenios de colaboración.

No anexo I relativo ás *accións dos plans da zona a executar no marco do convenio*, recóllense as *accións no Plan de Zona Depresións Ourensás e Terras do Sil a executar de forma concertada e cofinanciada pola Administración Xeral do Estado*.

No seu eixe 1 “Actividade económica e emprego” figura a actuación 1.20.CA 2, “Promoción do turismo rural”, na que se establece a inversión real en promoción do Entroido de Verín.

Quinto.- Que nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016, figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 “Axudas a eventos de interese turístico”, Plan de zonas rurais código de proxecto 201500004 dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Sexto.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento do Entroido de Verín mediante unha achega de 5.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Verín para o apoio á celebración do Entroido, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Máscaras de grande atractivo estético e visual e inesperadas manifestacións parateatrais fóndense nun incomparable ambiente de festa popular, no que o colorido dos disfraces se mestura co branco da fariña e o negro dos lumes pirotécnicos. Rúas e prazas acollen ata altas horas da madrugada unha festa multitudinaria na que se presenta unha eclosión de creatividade e alegría. Trátase dunha festa protagonizada pola cidadanía, onde se fomentan os valores de respecto e admiración cara a súa principal figura, O Cigarrón, ademais de integrar a todos os visitantes.

Tras a primeira saída dos cigarrones, arranca o Entroido que continúa co **Xoves de Compadres** e a queima do "Maragato". O **Sábado de Corredoiro** celébrase un baile para os residentes no asilo da localidade e xa o **Domingo de Corredoiro** ten lugar o saúdo dos cigarrones á saída destas, seguido dunha comida popular e un baile vespertino, onde se lle cede o protagonismo aos maiores.

O Desfile Infantil convértese no preludio do **Xoves de Comadres**, xornada na que miles de mulleres disfrazadas se reúnen en ceas colectivas e se dirixen, a media noite, a San Lázaro na procesión "Da vela e das sabas brancas" para recibir a Raíña e Don Carnal, e escoitar o pregón, que pon punto e seguido ás longas noites de festa no Entroido de Verín. Xa o **Venres de Compadreo**, o Capuchón e a Mascarita serán os únicos uniformes que portarán os asistentes ao percorrido polas distintas estacións e posterior baile. O **Sábado de Entroido**, tras o "Bautizo do Cigarrón", festa e verbena como escusa para "correr o Entroido".

O **Domingo Gordo**, día grande, desfile matinal de comparsas, carrozas e cigarrones, e pola tarde

concentración de máscaras e bailes ata ben entrada a madrugada. Xa o **Luns de Entroido**, "Día da Farelada", xogos infantís amenizados pola música de charangas e orquestras. O **Martes de Entroido**, último día do gran balbordo popular, desfile vespertino, máscaras, disfraces e grandes doses de humor acompañadas de acordes musicais mesmo ata o novo día. Como epílogo das festas, o **Sábado de Piñata** promóvense actividades lúdicas para os usuarios do Centro Sociocomunitario de Verín e ao día seguinte, **Domingo de Piñata**, realízase unha comida popular que pecha o ciclo de festas do Entroido na vila.

O Entroido é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais, sendo o concello de Verín a entidade organizadora. Este concello ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

Segunda.- Financiamento

Os orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 na aplicación 04 A2 761A 760.1 "Axudas a eventos de interese turístico" recolle o Proxecto 2015 00004 "Plan de zonas rurais".

Os gastos realizados na celebración do Entroido no ano 2016 polo concello de Verín ascenden a 74.475.-€ de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Importe
Orquestas e actuacións	36.300,00 €
Lumes artificiais	12.100,00 €
Dicomóviles	24.200,00€
Charangas	1.875,00 €
Total	74.475,00 €

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) para contribuír aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Verín obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A dita concesión canalizarase a través deste convenio de colaboración, como procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 de dita Lei.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do

concello de Verín, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

Terceira.- Obrigas do concello de Verín

O Concello de Verín comprométese a:

1. Xustificar as accións obxecto deste convenio para a celebración do Entroido.
2. Ter incluída en toda a documentación e soportes que se realicen sobre os eventos que nos ocupan, que os mesmos contan coa colaboración da Xunta de Galicia-Turismo de Galicia.
3. Ter incluída a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto deste convenio de colaboración.
4. Ter incorporado o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia
5. Incluír en todos os materiais utilizados na difusión e información das actuacións obxecto deste convenio os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable e das dúas administracións de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa, segundo se establece no anexo 2 do Convenio específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos planes de zona das súas zonas rurais (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 2012).
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
8. Xustificar a totalidade dos gastos por importe de 74.475,00 €.
9. Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Verín poderán

substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

10. Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso a achega económica poderá ser dunha contía que aisladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada, segundo se dispón no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade

subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia” e os os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable.

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

A vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

A achega de ABANCA será pagado directamente por esta ao concello de Verín, unha vez que o este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ó abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan

efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o 30 de abril de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.

- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e está excluído do ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c), non obstante, os principios do citado Real decreto lexislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve así como o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Coa sinatura deste convenio o CTG consinte e autoriza a publicidade dos datos persoais que consten no mesmo, e mailo resto das especificacións contidas nel, no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, ao abeiro do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, o concello asinante consinte a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como no relativo á aplicación da

Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Pública Galega, nos seus artigos 11 e 13.

A tal efecto, a Axencia informará na súa páxina web oficial da subscripción deste convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia

Este entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de abril de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo concello de Verín

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA

O Director de Banca Institucional